



**NOTA DE PRENSA DOS COLECTIVOS DE AFECTADOS POLAS ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL DE ARRA E DO CENTRO DE PORTONOVO EN SANXENXO (PONTEVEDRA):**

**CONVOCATORÍA DUN ACTO INFORMATIVO O VENRES 24 DE OUTUBRO ÁS 20,30H no local da Asociación de Mulleres Rurais (R/ Doctor Lalinde del Río) en Portonovo.**

Ante o crecemento insostíbel e á proliferación caótica de estacións base de telefonía móbil no noso medio cun aumento significativo da “contaminación electromagnética”, aumenta o sentimento de impotencia veciñal ante o risco asociado a estas infraestruturas.

O derradeiro 4 de setembro deste ano o [Parlamento Europeo](#) (1) aprobou por maioría (522 votos contra 16) unha resolución que, recollendo os consellos da Axencia de Medio Ambiente e do informe Bioiniciativa -[The Bioinitiative Report](#)- (2), constata que “os límites de exposición aos campos electromagnéticos establecidos para o público son obsoletos, xa que non foron adaptados desde a Recomendación 1999/519/CE do Consello, de 12 de xullo de 1999 (base da normativa estatal española do 2001) relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos (0 Hz a 300 GHz), loxicamente non teñen en conta a evolución das tecnoloxías da información e a comunicación, as recomendacións da Axencia Europea de Medio Ambiente ou as normas de emisión máis esixentes adoptadas, por exemplo, por Bélxica, Italia ou Austria, e non abordan a cuestión dos grupos vulnerables, como as mulleres embarazadas, os recentemente nados e os nenos; Pide, en consecuencia, ao Consello, que modifique a súa Recomendación 1999/519/CE, co fin de ter en conta as mellores prácticas nacionais e fixar así valores límite de exposición máis esixentes para todos os equipos emisores de ondas electromagnéticas ...”

A inqueda criada pola tramitación dunha nova instalación de antena base de telefonía nun núcleo habitado en Arra, súmase a crecente preocupación no centro de Portonovo ante a acumulación de casos de cancro nun perímetro onde concéntranse numerosas antenas de telefonía móbil; cunha normativa estatal que o propio Parlamento europeo considera “obsoleta”.

Como un paso máis para a reflexión invitamos a poboación de Sanxenxo a o acto que organizaremos o vindeiro venres 24 ás 20,30 h. (na sede da Asociación de mulleres Rurais en Portonovo) onde trala introdución informativa de Julio Carmona (coordinador da campaña polo uso racional da telefonía móbil da Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra) se falará sobre como defender a compatibilidade de noso dereito a saúde coas novas tecnoloxías.

1:

[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Resoluci%C3%B3n\\_%20Parlamento\\_%20Europeo\\_\(Bioinitiative\).pdf](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Resoluci%C3%B3n_%20Parlamento_%20Europeo_(Bioinitiative).pdf)

2:

[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef\\_mov\\_investigacions.htm#Informe\\_Bioinitia tive](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_investigacions.htm#Informe_Bioinitia tive)